

ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA VINTE DE XANEIRO DE 2011, CON CARÁCTER ORDINARIO

SRES. ASISTENTES:

Presidente: D. ODON C. COBAS GARCIA
Concelleiros D. ELOY JOSÉ IGLESIAS LÓPEZ
D. JOSÉ ANTONIO SÁNCHEZ DE LA FUENTE
D^a. LUCÍA GONZÁLEZ LOURO
D^a. ANA BELÉN PICÓN COTOS
D. CAMILO PEREIRAS CARAMÉS
D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO
D. MANUEL COSTA CARNEIRO
D. ROGELIO LEMA MOUGÁN
D^a: MARGARITA DEvesa CARDELLE
D^a: M^a. JESÚS PIÑEIRO CALDELAS
D. JOSÉ ALVELA EDREIRA
D^a. XOSEFINA ROSA GUITIÁN LEMA

Secretario D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na Casa do Concello de Vedra, sendo as vinte e unha horas do día vinte de xaneiro de dous mil once, baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. Odón C. Cobas García, reúnese en sesión ORDINARIA o PLENO DO CONCELLO, figurando os membros do mesmo ó comezo desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pásanse a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (30/12/2010)

Dáse conta da acta da sesión celebrada o día trinta de decembro do ano pasado, que se aproba co engadido na intervención do Sr. Sánchez do PSdeG-PSOE no punto da aprobación dos orzamentos, despois da lectura da nova publicada no xornal Terras de Compostela con data 16/11/2010, segundo a cal Vedra é o concello da comarca de compostela que máis destina a gasto social, "é o PP tamén votou en contra do orzamento que recollía eses gastos sociais".

2º.- Acordo, se procede, sobre moción do BNG para que se debata no pleno acordar o cambio ou non do modelo de xestión, de pública a privada, de servizos públicos no Concello de Vedra

Solicítase a declaración de urxencia deste punto que se aproba por unanimidade.



De seguido dáse conta da moción presentada polo BNG na que se expón que o grupo de goberno acaba de sacar a concurso a realización do servizo de xestións de instalacións e actividades no pavillón municipal de Vedra e pretende sacar tamén a xestión privada do servizo de axuda no fogar, xestionadas ámbolos dous ata o de agora de forma directa polo concello, e dado que supón un cambio do modelo de xestión, debe se xustificado convenientemente, e en todo caso de acordo co establecido no R.D 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o ROF, correspóndelle ao pleno a aprobación das formas de xestión dos servizos.

Por todo iso solicitan á consideración do Pleno a aprobación da seguinte moción:

1.- O Pleno da corporación do Concello de Vedra acorda someter a debate e tomar un acordo, nesta mesma sesión plenaria, o cambio ou non do modelo de xestión dos servizos de Xestión de Instalacións e Actividades do Pavillón Municipal de Vedra e do Servizo de Axuda no Fogar, en función do establecido no art. 22.f da Lei 11/1999, e no art. 50.21 do R.D. 2568/1986.

O Sr. Sánchez do PSdeG-PSOE di que de seguido exporá unhas consideracións, que foron antes sometidas á revisión dos técnicos para que non existise ningún erro:

1º.- Na Comisión Informativa do martes día 18, deuse unha ampla explicación dos cambios que se van realizar e que se recollen nas bases de contratación que foron obxecto de informe da propia Comisión

2º.- Os cambios do sistema de xestión de persoal do SAF e do sistema de organización das actividades do pavillón non supoñen privatización de ningunha clase como parece que insinúa o BNG. A responsabilidade da xestión, a vixilancia, a supervisión e o control seguen sendo municipais e seguiranse exercendo de acordo co previsto na lexislación

3º.- Segundo os datos facilitados pola traballadora social non coñece ningún concello da provincia con máis de 1.000 horas /mensuais como as que actualmente presta Vedra que xestione directamente o persoal, é dicir, a proposta técnica realizada polo Departamento de Servizos Sociais está motivada, segundo tamén informa este Departamento, pola Lei da Dependencia

4º.- A competencia para a tramitación dos contratos referidos é da Xunta de Goberno Local. En todo caso, xa hai unha toma de decisión sobre do asunto no Pleno Municipal de xullo do ano 2009 polo que non procede entrar de novo a debater a mesma cuestión

5º.- A Lei de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas con dependencia introduciu cambios que inciden directamente no Servizo de Axuda no Fogar:

A) O incremento da demanda de persoas dependentes con flexibilidade de horarios e intensidades así como as baixas imprevistas de persoal fan que se teñan que acudir cada vez máis ao apoio dunha empresa privada para cubrir estas incidencias. As empresas contan con amplos cadros de persoal e con distintos tipos de contratos que facilitan a resolución destas incidencias habendo, a maiores, unha limitación económica a partir da cal é necesario facer unha contratación

B) Segundo o estudo económico elaborado polo Departamento de Servizos Sociais estímase que o cambio no sistema de xestión do persoal supón un afo-



rro estimado de 2,00 euros/hora, polo que tamén se produce un aforro de custos que permiten beneficiarse a un maior número de usuarios

6º.- A xestión do persoal (elaboración de horarios, itinerarios e substitucións imprevistas) lévase unha boa parte do tempo das traballadoras do Departamento de Servizos Sociais. A contratación dunha empresa que cumpra esta función, elimina esta carga de traballo de forma que esas horas van repercutir no seguimento e mellora da calidade da atención aos usuarios tanto nas propias oficinas como nos domicilios e do resto de prestacións que desenvolve o departamento

7º.- O dereitos laborais adquiridos dos traballadores subrogados, mantéñense na súa integridade, sen que o cambio supoña perda de ningunha clase de dereitos.

8º.- Os datos facilitados á prensa polo BNG son erróneos. Importe do orzamento previsto para 2011 deste programa é de 161.778,24 euros

As mesmas consideracións se poden facer para a xestión do pavillón por parte dunha empresa privada. O concello segue a ser responsable da xestión. Neste caso, o obxectivo é elevar a oferta de actividades sen aumentar costes de xeito que, o posible aumento de usuarios, faga aumentar tamén os ingresos. Este faría que se producira un aforro. Non cabe dúbida que as empresas teñen maior capacidade de dinamizar e máis flexibilidade para facer cambios e adaptacións á demanda na prestación do servizo. A consideración sobre do persoal municipal de deportes é a mesma que a xa exposta no caso do SAF.

9º.- En definitiva, a mellora na calidade das prestacións e o aforro de costes son os obxectivos perseguidos polos cambios propostos sen que iso supoña abandono da competencia nin a privatización de servizos

10º.- En base ás consideracións expostas, estímase pola Presidencia que quedan suficientemente aclaradas as dúbidas que puidese haber sobre asuntos competencia doutros órganos en base as propostas feitas polos departamentos correspondentes, sen que quepa debate sobre do mesmo, polo que procede someter a moción do BNG directamente a votación.

A Presidencia di que no pleno ordinario do mes de xullo do ano 2009 xa se someteu a pleno esta decisión, polo que non entende que se traiga agora de novo.

Dona Xosefina R. Guitián do BNG di que lle gustaría que lle refrescarse a memoria e que se de conta do acordo do 2009, xa que entende que ese acordo non se refería a toda a xestión do servizo de axuda no fogar, aparte de que ela trae a debate dous servizos, e ademais porque en primeiro lugar así se falou na comisión informativa e porque hai datos que se relacionaron que quere contestar, e que non todo o que trae a debate se contesta neses dez puntos.

O Sr. Sánchez procede de seguido á lectura do acordo adoptado polo pleno en xullo do ano 2009

Intervén de novo dona Xosefina Guitián e di que naquel momento o que se aprobou foi o prego de cláusulas administrativas particulares e condicións técnicas para a contratación do servizo de axuda no fogar e ademais non se cedía todo o servizo, polo que o cambio é substancial, tendo en conta que levamos tendo un servizo público de asistencia no fogar, nun tema que para o BNG é básico, e agora por primeira vez en 10 anos se cede todo o servizo a unha empresa privada.



Dado que o acordo non é o mesmo, xa que agora o que se trae a debate é o modelo de xestión, entende que pasar á votación sen debate parécelle unha toma-dura de pelo.

O Sr. Alvela de TEGA di que xa na comisión informativa era partidario de non debater o asunto no pleno porque entendía que a proposta técnica do departamento de servizos sociais estaba cargada de razóns e despois de ver como se foi incrementando o servizo sen poder facerlle fronte co modelo actual. Ademais di que o contrato non é para sempre, que se pode denunciar, e que está convencido de que o cambio é para mellorar o servizo e tamén para obter un aforro, aínda que pode entender a inquietude dos traballadores do servizo e incluso dos usuarios.

O Sr. Martínez do PP di que se debe debater a moción, porque no ano 2009 o que se aprobou foi o prego, que nadie discute aquí, e o debate sería outro distinto, e ademais entende que no ano 2009 se aprobou o prego pero o equipo de goberno non continuou coa súa tramitación por alguna razón.

Ademais di que por elegancia política non vai poñer ningunha traba para que se debata unha moción do BNG e ademais a moción do BNG fai referencia a dous servizos , o do SAF e o da xestión do pavillón municipal, que non foi aprobado en ningún pleno, polo que entende que a moción se debería debater.


O Sr. Sánchez di que o seu grupo non ten ningún inconveniente nestas cuestións, pero en todo caso parécelle un pouco chocante , sobre todo por parte do PP, que xa levaba este asunto no seu propio programa electoral e votou a favor dos pregos no seu momento, salvo que sexa para felicitar ao equipo de goberno.

Expón que dos puntos enumerados por él, pasaron por alto en primeiro lugar que estamos a debater sobre dun asunto, que nun dos casos están xa aprobados os pregos (pavillón) e sobre doutro que se decidiu levar a informe da comisión informativa polo montante do contrato e porque os membros da oposición están representados na Mesa de Contratación, polo tanto preténdese un debate sobre do que xa hai unha postura tomada , incluso por parte do BNG que no ano 2009 votou en contra ao non estar representado na Mesa de Contratación e por parte do PP non sabe cal vai a ser o sentido do seu voto, salvo que sexa para felicitar ao equipo de goberno.

Di tamén que non se deben poñer novas na prensa que dan unha mala imaxe do concello, dicindo que se van privatizar servizos, pois non existir tal privatización, o que se fai é a xestión do persoal por parte dunha empresa privada no caso do pavillón ; o control, a vixilancia, a inspección e a responsabilidade segue sendo municipal, polo que lle pide aos grupos que deixen de utilizar termos que producen ao equívoco.

Para rematar di que baixo esas premisas evidentemente o que estaba recollido nos puntos do grupo de goberno é someter a moción do BNG a votación sen debate, sen fuxir do mesmo, dada a transparencia do equipo de goberno na súa forma de actuar.

Dona Xosefina R. Guitián do BNG di que ao seu grupo non lle pasou por alto que efectivamente xa hai acordos tomados, por iso trae a debate unha moción na que se indica que en función de determinados puntos da lei de bases do réxime local e do ROF o cambio do modelo de xestión dos servizos deben aprobarse no pleno, e ata o de agora a xestión do pavillón e as actividades das escolas deportivas dende o ano 1999, que as puxo en marcha un concelleiro do BNG, se fixo directamente por parte do concello, e agora cámbiase , e o mesmo acontece co servizo



de axuda no fogar, porque non é o mesmo que o persoal se subroge e pase a depender dunha empresa privada, que se contrate algún persoal máis cando non é suficiente o que existe, e iso chámase privatización.

Sinala ademais que lle parece serio e por iso o trae a debate do pleno, que cando un grupo de goberno decide cambiar por completo a xestión dun servizo con respecto ao que viña facendo dende fai máis de 10 anos, debería explicalo, con algún razoamento de tipo económico, de tipo beneficios para os usuarios ou outros, e nos dez puntos realacionados polo Sr. Sánchez, dánse algúns razoamentos con respecto ao servizo de axuda no fogar, pero non así con respecto á xestión do pavillón.


Di tamén que lle parece grave que o concello publicite uns pregos no Perfil do Contratante da súa páxina web, e que nos mesmos figure un orzamento de 70000 euros con cargo á unha partida, e que esa partida estea dotada nos orzamentos vixentes con 2000 euros; ademais de que nos orzamentos se aproba ademais dun modelo de xestión tamén o cadro de persoal, e que non entende que se aproben os orzamentos con data 30/12/2010, cando xa estaban aprobados os pregos para a adxudicación do servizo de xestión do pavillón e non se reflecta nos orzamentos, e agora un mes despois se presente outro prego para adxudicar outro servizo a unha empresa privada (SAF) e nos orzamentos tampouco figura nada, senón un gasto do persoal que ven prestando este servizo, pero nada que puidese predecir este cambio de modelo de xestión, por iso entende que o grupo de goberno debe explicar porque ese cambio non se reflecteu nos orzamentos no seu momento.

Con respecto ás cifras que dá o Sr. Sánchez di que no orzamento do 2011 a partida 233 (dependencia) figura por importe de 101.000 euros

Conclúe a súa exposición sinalando que o BNG ten unha postura en contra da privatización de servizos, sobre todo en servizos básicos, como é o da axuda no fogar, porque entende que eses servizos son tan sensibles como a sanidade e a educación, e deben ter un control directo por parte das administracións e o que se pretende é darllo a unha empresa privada, porque non o vai levar o concello, por iso o mínimo que lle solicita ao equipo de goberno que explique ese cambio de xestión, tendo en conta ademais que non se reflecte no orzamento e a tres meses da celebración dunhas eleccións, deixándolle unha decisión tomada ao vindeiro equipo de goberno.

O Sr. Martínez expón que está de acordo cos argumentos da voceira do BNG para traer isto a debate do pleno, outra cousa é que no fondo da cuestión estea ou non de acordo. Di que se deron explicacións para cambiar o modelo de xestión do servizo de axuda no fogar, pero que ten dúbidas sobre da xestión do pavillón municipal: quen vai organizar as actividades, como se van a distribuir os horarios, ...etc porque ao mellor é algo máis complexo do que semella.

O Sr. Sánchez solicítalle ao PP que se manifeste claramente e diga cal é a postura do seu grupo sobre do modelo de xestión do persoal do servizo de axuda no fogar e o modelo de xestión das actividades do pavillón, porque senón hai que concluir que o que lle interesa é sumarse ao carro da polémica para sacar unha rentabilidade, sinalando que o seguidismo do PP ás posicións do BNG comezan a ser esperpénticas, e que un candidato serio que aspira a gobernar ten que ter posicionamentos propios, solicitándolle unha decisión sobre do cambio ou non do modelo de xestión.



Di tamén que para eles non existe tal privatización, como sinala a voceira do BNG, e que os servizo seguen a ser xestionados polo concello e que o que manteña o contrario teña que argumentalo, e con respecto á postura do BNG di que como se pode estar de acordo cuns pregos cuxo obxecto é a contratación dun servizo e agora dicir xustamente o contrario.

En relación coas partidas presupostarias indica que os gastos recollidos eran os da lei da dependencia, que estaban repartidos en distintos conceptos: gastos de persoal, transporte, vestiario, teléfono, ..etc, e que a suma de todos é a que figura no prego, e no caso do servizo de xestión do pavillón os gastos son persoal , seguridade social limpeza, electricidade, e as actividades que se van prestando por empresas externas.

Dona Xosefina Guitián expón que á falta de argumentos o voceiro do equipo de goberno insiste na demagogía pura e dura, dado que pode estar de acordo cos pregos, pero que naquel momento non se estaba a debater un modelo de xestión, por iso preguntou nese momento se era para contratar unhas horas e maiores ou era para adxudicar todo o servizo, e agora estase a debater outra cuestión.

Di ademais que non está de acordo en que se lle dea a xestión completa a unha empresa privada e con respecto ao indicado polo Sr. Sánchez sobre da suma dos gastos, iso ela descoñeciao, e que se se presentasen uns orzamentos coherentes co que se quería facer o sabería.

Tamén di que se ben con respecto ao SAF existen argumentos, cos que pode ou non estar de acordo, segundo os datos facilitados na súa intervención polo Sr. Sánchez con respecto ao servizo de xestión das actividades do pavillón non se vai aforrar nada, xa que o ano pasado sumaban 71.000 euros, e agora só hai unha monitora, entendendo que a outra a porá a empresa privada , pregunta cal é o motivo entón da adxudicación deste servizo a unha empresa privada.

O Sr. Alvela di que a cuestión fundamental é que os servizos vanse a seguir prestando, e haberá que ver dentro duns meses se seguen a funcionar correctamente

O Sr. Martínez expón que a moción presentouna o BNG e que o PP non fai un seguidismo do BNG, senón que simplemente cando expón argumentos razoables, compartidos algúns deles, está de acordo con que se debata o que se solicita, e que levamos máis de media hora solicitándolle ao equipo de goberno unha explicación do porque se cambia o modelo de xestión de dous servizos: o do SAF e o da xestión das actividades do pavillón municipal. En canto ao SAF, independentemente das posturas políticas, podería estar de acordo cos argumentos utilizados, o único que solicitaba o PP é que se mantivera a calidade do servizo e que se garantizasen os dereitos adquiridos polas traballadoras do concello, pero que a concelleira do BNG tamén fala doutro servizo, o da xestión do pavillón municipal, e aquí o PP non está de acordo, e o BNG o único que solicita é unha explicación do cambio do modelo de xestión, sobre todo a pouco meses dunha convocatoria electoral.

Intervén a Presidencia e di que o persoal está subrogado e queda nas mesmas condicións que ten actualmente.

O Sr. Sánchez solicita aclaración sobre do acordo que se vai a votar, e di que despois do debate quedoulle claro que o PP está a favor do cambio de modelo



de xestión do persoal do SAF, porque loxicamente non pode ir en contra dos seus propios acordos nin das súas posturas, e está en contra do cambio de modelo de xestión das actividades deportivas do pavillón.

En calquera caso -di- que no caso do SAF ven condicionada pola aplicación da lei da dependencia, xa que ou ben se aumenta o persoal ou se poñen parches (horas extras, substitucións...ect), e cunha empresa privada esa problemática non existe ao ter outras solucións, ademais de que segundo datos facilitados polo departamento de servizos sociais o aforro estimado é de 2,00 euros/hora, e con respecto ao servizo de xestión do pavillón é certo que aparentemente ten o mesmo custo que o previsto no orzamento, sen embargo a nadie se lle pode escapar que a xestión por parte de unha empresa privada é moito máis dinámica, xa que ten unha capacidade moito máis flexible para adaptala ás demandas dos usuarios.

Por último quere deixar claro que o grupo de goberno dedícase a gobernar con responsabilidade e a tomar as decisións sen ter en conta os momentos electorais, senón cando dende os departamentos lle fan propostas.

A Presidencia di que o que se vai someter a votación a moción do BNG.

Posta a votación a moción rexístranse 6 votos a favor do PP e BNG e 6 votos en contra do PSOE e 1 abstención de TEGA. En función do empate repítese a votación quedando rexeitada co voto de calidade da Presidencia.

3º.- Contestación ás preguntas formuladas en plenos anteriores

Ás preguntas formulas por dona Xosefina R. Guitián do BNG no pleno do mes de novembro, a Presidencia contesta:

1.- Sobre das xestións para que o comedor do CPI de Vedra estea aberto todos os días da semana, di que a contestará despois xunto co rogo da ANPA de Ortigueira.

2.- Sobre da afección real sobre do termo municipal do Plan Hidrolóxico da Bacía Galicia -Costa., di que estaba previsto construír 3 embalses no Río Ulla pero que de momento este tema está paralizado.

Ás preguntas do Sr. Costa, a Presidencia contesta:

1.- Sobre das obras da estrada Oza -Cibrán executadas pola empresa DAGO, di que de momento non se lle devolveu o aval depositado no momento da sinatura do contrato, e que se pretende executar para melloras na estrada, que o importe das mesmas é de 6.000 euros, unha cifra tampouco tan importante. Sinala tamén que o proxecto o fixo a Consellería do Medio Rural e que de momento non se sabe nada, e que estaba pensado para darlle servizo os alugares onde existisen adegas.

2.- Sobre da reubicación da marquesiña que estaba no cruce da pista de A Torre, di que xa se falou co Presidente da AA.VV e vaise trasladar de sitio, e con respecto á situada na Poza que se falou coa Deputación para que coloquen unha aí e outra xunto a casa de José o da taberna.

3.- Con relación aos números para as casas afectadas polas obras da estrada Vedra -Santa Lucía, di que se encargaron para esas e para outras casas que non dispoñen del.



4. - Sobre da colocación dun sinal de STOP no cruce da pista que vén de Ca-cheiras a Romarís coa de Laraño, di que xa se comprobou e que se coloran os espe-llos que fagan falta.

5.- Por último e en canto ao rogo para que se felicite ao Concello de Teo polas obras de asfaltado da pista , di que efectivamente as obras queradon ben e que se felicitará ao concello

Á solicitude por parte de dona Xosefina R. Guitián de elaboración dunha memoria sobre da xestión do pavillón municipal, di que o tema xa foi debatido na Comisión Informativa, e que se lle remitirán os datos

De seguido dá conta do rogo presentado no Rexistro Municipal pola ANPA Ortigueira, e dado que se atopa na sala a Presidenta da mesma cédelle a palabra

Intervén dona Susana M^a. García Lema, que sinala que a ANPA do CEIP de Ortigueira comunicoulle por escrito a presentación neste pleno do seguinte rogo “ Que por parte do Sr. Alcalde e demais membros do equipo de goberno se reconsi-dere a decisión tomada de cambiar ao traballador que dende o ano 2001 viña des-empañando as funcións de conserxe np colexio de Santa Cruz de Ribadulla”

De seguido sinala que a ANPA tamén presentou nestes días un escrito no que se indican os motivos polos que se solicita que por parte do concello reconsidere a decisión tomada, procedendo á lectura do mesmo.

A Presidencia expón que quere matizar que o luns a Xefa Territorial da Con-sellería de Educación chamou ao Concello para unha reunión, que se tiña solicitado dende facía bastante tempo, para falar, entre outros, das deficiencias existentes nos dous colexios do concello: CPI de Vedra e CEIP de Ortigueira (tellado, muro norte, caldeiras dos dous, ..etc), e a conclusión da mesma é que non hai recursos, que en Coruña están pendentes de un informe no sentido de que si o tema das cal-deiras é moi urxente habería que cambialas, senón aguantarían 1 ano máis, e in-cluso no caso do tellado do CPI de Vedra que intentarían cargarllo á empresa que executou as obras fai 7 anos.

Di que na citada reunión lle expuso á responsable da Consellería que en Santa Cruz o concello hai un conserxe do concello, que o concello non ten obriga de pagalo, cos impostos de todos os veciños de Vedra, e 2 persoas para a atención do comedor , e se existía algunha posibilidade de recibir algunha axuda da Conse-llería, e a resposta foi negativa, o que si dixo é que se incrementara a axuda reci-bida para a xestión do comedor por parte da ANPA, pero que para esa xestión as nais e pais dos usuarios debían facer turnos para estar no comedor.

Con respecto á decisión tomada de cambiar ao traballador para as funcións do conserxe no colexio, di que veu motivada pola cualificación de dona Belén González, considerando máis axeitado que desenvolva funcións na Casa do Conce-llo, adscrita á Secretaría-Intervención e o outro traballador , grupo V , é conserxe, e está perfectamente cualificado para desenvolver o traballo no colexio, tendo ex-periencia nese posto durante máis de 15 anos, sen que existise reclamación al-gunha, por iso non se entende a presentación deste rogo a só 4 días de estar alí o citado traballador; é máis segundo conversa mantida co Sr. Director non existe de momento ningunha obxección ao seu traballo.

En definitiva conclúe que a decisión se tomou para optmizar recursos tan escasos nestes momentos, xa que insiste en que é un servizo que o concello presta



no colexio, sen estar obrigado, e entre todos hai que conseguir que as cousas funcionen.

4º.- Rogos e preguntas

--Dona Xosefina R. Guitián do BNG formula os seguintes rogos e preguntas:

1.- Cómo está o tema das antenas de telefonía móbil, xa que se tomou un acordo para que se proceda á reposición da legalidade urbanística (Tomonde) e ata o de agora non sabe se se iniciou algún expediente ao respecto?

2.- Di que o Regulamento do Pavillón segue sen estar colgado na páxina web do concello nin no taboleiro do pavillón , así como as taxas dos usuarios, e roga que se faga.

3.- Pregunta polo motivo da utilización do procedemento negociado para a adxudicación do contrato de servizos consistente na xestión das instalacións e actividades do pavillón, xa que segundo lle informaron este é un procedemento excepcional a utilizar en caso de urxencia.

4º.- Con respecto á modificación de créditos aprobada no pleno pasado, motivada por excesos en infraestructuras (asfaltados e alumeados) e gastos do cenenario, solicita que se explique sucintamente cales foron eses gastos a maiores e a que partidas afectan

--O Sr. Alvela de TEGA formula os seguintes rogos:

1.- Aproveitando que se vai proceder a levantar a pasarela sobre do Rio Ulla á altura do Coto de Ximonde, xa que existe un proxecto por importe de 513.000 euros, cantidade importante, roga que se intenten buscar as maneiras de facer un paso dende a área de Cubelas, facendo dese lugar un sitio de obrigada visita como foi no seu día

2.- Roga tamén que se intente, aínda que considera que non é fácil, conseguir unha saída na autoestrada Santiago-Ourense para o Parque Empresarial de Vedra, que lle daría moita vida ó mesmo para intentar que empresas se instalen nel.

3.- Di que apoia totalmente á ANPA Ortigueira no seu rogo plantexado nesta sesión, xa que entende que se un servizo funciona correctamente non ten sentido cambialo

--O Sr. Martínez Carrillo , voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular, formula as seguintes preguntas e rogos:

1.- De novo temos que volver a rogar unha vez máis, se busque unha solución definitiva aos problemas de goteiras, humidades e condensación do Pavillón Municipal de Vedra. Para iso igualmente rogamus se faga un estudo serio, riguroso e avalado sobre cales son os problemas do pavillón, distintas solucións a adoptar e custo das mesmas.

2.- Rogamos asimesmo que cambien ou arranxen a marquesiña de Trasariz.

3.- Creo que son conscientes das deficiencias de subministro eléctrico que nos últimos meses están a sufrir os veciños de Tomonde, A Lagao, O Coto, etc en Santa Cruz de Riobadulla. Fíxose algunha xestión por parte do Concello para buscar



unha solución a dito tema ?. De non ser así, rogamos que se faga da maneira máis urxente posible.

4.- Apoía de xeito incondicional ó rogo formulado pola ANPA Ortigueira

Conclúe ao fio das vinte e dúas horas e vinte minutos

